



A ÁREA ARQUEOLÓXICA DA CAEIRA

Situada no Concello de Poio, na aba do Monte Tomba coñecida como Boa Vista, a Área Arqueolóxica da Caeira contén un excepcional conxunto de arte rupestre prehistórica integrado por máis de vinte petroglifos ou gravados rupestres feitos sobre a rocha. Son coñecidos xa desde inicios do século XX grazas ao labor do intelectual pontevedrés Ramón Sobrino Buhigas.

EL ÁREA ARQUEOLÓGICA DE A CAEIRA

Situada en el Ayuntamiento de Poio, en la ladera del Monte da Tomba conocida como Boa Vista, el Área Arqueológica de A Caeira contiene un excepcional conjunto de arte rupestre prehistórico integrado por más de veinte petroglifos o grabados rupestres hechos sobre la rocha. Son conocidos ya desde inicios del siglo XX gracias a la labor del intelectual pontevedrés Ramón Sobrino Buhigas.



PASEAR ENTRE PETROGLIFOS

RECORDA QUE:

- Non se deben tocar os gravados nin danar as rochas.
- Aínda que non vexamos ben os petroglifos nunca debemos remarcar os gravados.
- A luz do amencer ou do ocaso fai resaltar os sucros e fai a visita máis gratificante.
- Durante o percorrido só se deben utilizar os sendeiros e as plataformas habilitadas para a visita.
- Hai que respectar o arborado e a vexetación existente no recinto.
- Non está permitido botar lixo nin calquera obxecto que poida danar o contorno.

RECUERDA QUE:

- No se deben tocar los grabados ni dañar las rocas.
- Aunque no veamos bien los petroglifos nunca debemos remarcar los grabados.
- La luz del amanecer o del ocaso hace resaltar los surcos y hace la visita más gratificante.
- Durante el recorrido sólo se deben utilizar los senderos y las plataformas habilitadas para la visita.
- Hay que respetar el arbolado y la vegetación existente en el recinto.
- No está permitido tirar basura ni cualquier objeto que pueda dañar el entorno.



Concello de Poio

Concellaría de Turismo e Festexos




Compromiso
de Calidad Turística

PROXECTO FINANCIADO
POLO PROGRAMA PRODER II
COMARCA DE PONTEVEDRA



Deputación
Pontevedra

www.riasbaixas.org
www.depo.es





AS ESTACIÓNS VISITÁBEIS

Na Caeira hai petroglifos sinxelos con poucos motivos, pero son dúas pedras de grandes dimensións, a Laxe das Lebres e a Pedra Grande de Montecelo, as que desenvolven un papel principal e dan sentido á totalidade do conxunto.

LAS ESTACIONES VISITABLES

En A Caeira hay petroglifos sencillos con pocos motivos, pero son dos piedras de grandes dimensiones, la Laxe das Lebres y la Pedra Grande de Montecelo, las que desempeñan un papel principal y dan sentido a la totalidad del conjunto.

- 📍 **A Pedra Grande de Montecelo**, integrada por un numeroso e abigarrado conxunto de combinacións circulares, constitúe unha das testemuñas máis sorprendentes da temática xeométrica entre os gravados rupestres galegos.

A Pedra Grande de Montecelo, integrada por un numeroso y abigarrado conjunto de combinaciones circulares, constituye uno de los testimonios más sorprendentes de la temática geométrica entre los grabados rupestres gallegos.

- 📍 **A Laxe das Lebres ou Laia dos Cervos** é un gran panel con representacións de cervos. Algúns son machos adultos en actitudes propias da época de celo que acontece a comezos de outono, o que indica que os artistas da Idade de Bronce (hai máis de 4.000

anos) tiñan un bo coñecemento do seu comportamento natural. Dous cervos (posiblemente macho e femia) dispostos en simetría de espello conforman o seu motivo central, sendo esta unha das imaxes máis famosas dos petroglifos galegos. A ambos lados deste motivo atópanse dúas figuras interpretadas como xinetes.

La Laxe das Lebres ou Laia dos Cervos es un gran panel con representaciones de ciervos. Algunos son machos adultos en actitudes propias de la época de celo que acontece a principios del otoño, lo que indica que los artistas de la Edad del Bronce (hace más de 4.000 años) tenían un buen conocimiento de su comportamiento natural. Dos ciervos (posiblemente macho y hembra) dispuestos en simetría de espejo conforman su motivo central, siendo esta una de las imágenes más famosas de los petroglifos gallegos. A ambos lados de este motivo hay dos figuras interpretadas como jinetes.

- 📍 **O Petroglifo de Pozo Ventura** non pertence á Área Arqueolóxica da Caeira, aínda que se atopa moi próximo á mesma, no Monte Liñares. A súa superficie amósase chea de deseños xeométricos, se ben a súa singularidade vén dada pola presenza de certos motivos que semellan follas de alabardas.

El Petroglifo de Pozo Ventura no pertenece al Área Arqueológica de A Caeira, aunque se encuentra muy próximo a la misma, en el Monte Liñares. Su superficie se presenta llena de motivos geométricos, si bien su singularidad viene dada por la presencia de ciertos motivos que parecen hojas de alabardas.



OS HOMES E MULLERES QUE GRAVARON OS PETROGLIFOS

Nas inmediacións do petroglifos da Caeira atopáronse indicios da posíbel existencia dun poboado da Idade do Bronce. Os pequenos grupos humanos que crearon os petroglifos practicaban a agricultura e a gandería, e vivían en poboados, integrados por unhas poucas cabanas realizadas con materiais perecedoiros, que empezaban na metade alta das ladeiras e preto de cursos de agua.

O discurso plasmado nas imaxes gravadas nos petroglifos fálanos do valor simbólico do cervo, das **escenas de caza e de monta**, así como do armamento metálico, un material escaso e exótico, indicadores dun proceso de desigualdade social cada vez máis importante.

LOS HOMBRES Y MUJERES QUE GRABARON LOS PETROGLIFOS

En las inmediaciones de los petroglifos de A Caeira se encontraron indicios de la posible existencia de un poblado de la Edad del Bronce. Los pequeños grupos humanos que crearon los petroglifos practicaban la agricultura y la ganadería, y vivían en poblados, integrados por unas pocas cabañas realizadas con materiales perecederos, que se emplazaban en la mitad alta de la laderas y cerca de cursos de agua.

El discurso plasmado en las imágenes grabados en los petroglifos nos habla del valor simbólico del ciervo, de las escenas de caza y de monta, así como el armamento metálico, un material escaso y exótico, indicadores de un proceso de desigualdad social cada vez más importante.

